

SERMOS adegas



Caderno de análise sobre ecoloxismo e o ambiente en Galiza
Realización: Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) en parceria con SERMOS GALIZA
Coordinación: Manuel Soto Castiñeira

Cousa de Raíces

A campaña "Cousa de Raíces" naceu coa idea de conservar o bosque autóctono galego, facendo presión mediática e política sobre as obrigas da Administración, e potenciando unha conciencia colectiva sobre a importancia das árbores autóctonas e da súa conservación. Páx.2-3



QUINTA-FEIRA, 26 DE MARZO DE 2015 • NÚMERO 1 **SERMOS GALIZA**

ACTUALIDADE AMBIENTAL EN IMAXES Páx. 6-7
O traballo ecoloxista das últimas semanas.

AS FRONDOSAS CADUCIFOLIAS, CLAVE DE FUTURO Páx. 4
Políticas de fomento e desenvolvemento similares ás aplicadas en Francia permitirían aumentar notablemente a renda que tiraríamos dos nosos montes

A FONTIÑA DAS LAXES Páx. 5
Exemplo de como un eucaliptal pode ser transformado nun souto para o seu aproveitamento integral por toda a familia.

ENTREVISTA, Páx. 8.
Virxinia Rodríguez, presidenta de ADEGA.



A Eira da Xoana é un espazo de achegamento ao mundo rural, educación ambiental e recuperación do patrimonio que promove ADEGA no Alto Ulla, un achegarnos á cultura e o bo facer da nosa tradición máis auténtica e sustentábel. Alí faise un traballo de investigación, fomento e divulgación das prácticas tradicionais sustentábeis, por parte de persoas da asociación e doutros moitos colectivos, xunto coa implicación da poboación da comarca e os recursos que ofrece o propio asentamento (casa e terreos anexos, bosque e toda a contorna): feiras de produtos locais na primavera e outono, das artes e das letras, celebración de datas sinaladas como os solsticios, día da árbore, campañas reivindicativas, actividades de coñecemento e lecer no rural, coidado e mantemento do lugar, cultivo de horta, reforestación... Son actividades que só poden ter plenitude nun escenario como este.

Cousa de Raíces

"Cousa de Raíces" naceu como unha campaña aberta a todas as persoas, entidades e colectivos dispostos a traballar na defensa do noso bosque a través do seu coñecemento e posta en valor como recurso plurifuncional. Co obxectivo de devolverlle o valor ambiental, económico, social, cultural, paisaxístico, etc, promove a participación e apoio dos diversos sectores interesados e comprometidos coas masas arbóreas autóctonas, sexa porque as reivindicán, porque as estudan, porque as coidan, ou porque as precisan para vivir.

Co lema "Cousa de Raíces", di o manifesto fundacional, búscase retratar o bosque como elemento vertebrador da nosa identidade, cultura e paisaxe, pero tamén da nosa economía e sociedade. As "raíces", soterradas e ocultas baixo a terra, representan o pilar fundamental do que é a nosa sociedade e do que será, ademais son sustento do que se fai visible no territorio, na paisaxe e no desenvolvemento económico-social. É "cousa de raíces" que entre todas e todos camiñemos cara un mesmo obxectivo na preservación do noso bosque.

"Cousa de Raíces" nace coa idea de conservar o bosque a través de dúas vías. Por unha banda, facendo presión mediática e política sobre as obrigas da Administración no cumprimento da normativa existente; e por outra banda, a nivel social, potenciando unha conciencia colectiva sobre a importancia das árbores autóctonas e da súa conservación.

A iniciativa promove a ADEGA na primavera de 2014, e hoxe conta con máis de medio cento de entidades participantes. Únense nesta mesma reivindicación organizacións e persoas do eido económico, ambiental, científico, cultural e veciñal. Todas estas entidades recuperan un obxectivo histórico do movemento social que semella urxente reivindicar de novo, ante o acusado retroceso que están a experimentar as masas de árbores autóctonas, especialmente na zona costeira.

Un blogue específico para esta campaña (cousaderaices.wordpress.com), as actividades e achegas de diversas empresas do sector a unha economía máis sustentable, as publicacións e divulgación na Revista Cerna, en Radio Cerna e noutros medios, as actuacións reivindicativas e a denuncia de feitos contrarios (e ás veces mesmo ilegais) ao bosque autóctono, o coñecemento directo de enclaves de grande valor paisaxístico nos roteiros ADEGA, até a investigación e a publicación de estudos, son todos eles ingredientes de Cousa de Raíces.

● BOSQUE AUTÓCTONO, BAIXO MÍNIMOS

Pese a que desde hai 30 anos diversas campañas sociais e unha Iniciativa Lexislativa Popular intentaron que a política forestal do país axudase á preservación das nosas masas arbóreas, ano tras ano seguimos a comprobar que a superficie de bosque autóctono segue minguanando sen que a Administración queira ou saiba poñerlle freo. En particular, os dous últimos inventarios forestais evidencian que existe un claro retroceso do bosque autóctono no que vai de século XXI, especialmente na zona atlántica.

Mais tamén sabemos que o decrecemento continuado do bosque autóctono é consecuencia directa das políticas ambientais, de ordenación do territorio e do medio rural. Políticas que só atenden ao fomento dos monocultivos forestais con especies de crecemento rápido e de cultivos enerxéticos -unha ameaza que se presenta inminente-, e perpetúan a desprotección ambiental do noso monte, das nosas paisaxes e do potencial produtivo das nosas árbores.

O eucalipto aumentou progresivamente a extensión das súas masas, estimándose que pasou das 174.000 ha en

Campaña en Defensa do Bosque Galego

Cousa de raíces

Entidades promotoras

ADEGA	ESTRUGA
ADENCO	FACTORIA DE IDEAS
AGA (ASOCIACIÓN GALEGA DE APICULTURA)	FEG
AGRUPACIÓN MICOLÓXICA A ZARROTA	FORDO DO CAMIÑO
ALIBÓS	FRAGAS DO MANDEO
ARTEU	FROUMA FORESTAL
AFO	FRUGA
ASOPORCEL	GRUPO HÁBITAT
ASOCIACIÓN GALEGA DE CUSTODIA	HIFAS DA TERRA
ASOC. PATRIMONIO DE CASTROVERDE	QUERCUS SONORA
BANDULLO ECOLÓXICO	MARIÑAPATRIMONIO
CARBALLO VIVO	MILHULLOA
CDR ANCARES	NATURVIVA
CHAO DE CASTRO-ALTAIR	ORGACMM
COVA DA TERRA	OVICA
CULTURA DO PAÍS	PETÓN DO LOBO
CVMC DE LOUSAME	PLATAFORMA SARRIANA POLO RÍO
CVMC SOBREIRAS DO FARO	POLITÉCNICA (CAMPUS LUGO)
CYCLOWOOD	POSADA MARRÓN GLAÇE
EIRA DA XOANA	PROXECTO MONTENOSO
ENARBORAR O BOSQUE	PROXECTO NEO
ERVA	RIDIMOS
ESPAAZ AGROECOLÓXICO A	RÍOS CON VIDA
	SGO
	SOBREIRAS DO ULLA
	VERDEGAIA

ÚNETE Á CAUSA EN:
cousaderaices.wordpress.com

masas puras en 1998 a unhas 250.000 ha na actualidade. Se a estas sumamos as masas mixtas (eucalipto con piñeiro ou carballos), a presenza do eucalipto supera hoxe as 400.000 ha (30% da superficie arborada do país). Pola contra, segundo datos que ofreceu o profesor da USC, Manuel Guitián, arestora o bosque galego ocupa menos dun terzo da superficie arborada do país.

As plantacións de eucalipto seguen sendo un problema

«O BOSQUE GALEGO XA OCUPA MENOS DUN TERZO DA SUPERFICIE ARBORADA DO PAÍS, FICANDO POR DETRÁS DA SUPERFICIE OCUPADA POLO EUCALIPTO»

para a conservación da fauna e a flora, para a conservación do solo como recurso, para a xestión dos recursos hídricos, para os espazos protexidos e para a ordenación do territorio. O verdadeiro problema son as políticas públicas que fomentan activamente ou permiten por pasividade o crecemento desordenado das masas de eucalipto. A situación agrávase a cada paso, tanto pola aparición de montes menos produtivos, xa esgotados ou afectados por pragas e enfermidades, como polas estratexias dunha parte do sector para facerse coas mellores terras para a introdución de planta "mellorada" de cre-

cemento máis rápido. Buscan as terras máis produtivas e con maiores facilidades de mecanización, ocupando e degradando novos espazos que aínda conservan importantes valores ambientais e vocación agrícola, ao tempo que deixan tras de si unha terra queimada, improdutiva e abandonada.

● KIT DE EMERXENCIA PARA FACER FRONTE ÁS PLANTACIÓNS ILEGAIS DE EUCALIPTOS

Para ADEGA, o aumento do cultivo do eucalipto vén da man do abandono agrario e do declive do medio rural galego, sintoma da inexistencia dun modelo produtivo sustentable, multifuncional e de implicación ambiental e social, no que a Xunta xoga un papel decisivo ("El mundo rural está condenado a desaparecer", Samuel Juárez, ex-conselleiro de Medio Rural dixit). Nesta situación, o destino de moitos montes e terras agrarias non é outro que o monocultivo, nomeadamente do eucalipto, substituíndo de paso ás frondosas autóctonas.

A recente Lei de Montes de Galiza (Lei 7/2012), aprobada en solitario polo PP, é unha desas normas favorecedoras dos monocultivos e que fai posible que a superficie ocupada por estas plantacións siga en aumento. Mais quedan na lei uns mínimos que aínda limitan a plantación de eucaliptos en parcelas con masas de frondosas autóctonas, en terreos agrícolas, a menos de 15 m dos cursos fluviais ou a menos de 100 m da liña de costa. En moitas situacións nin sequera estes mínimos se están a cumprir, e é neses casos en que mediante unha denuncia podemos esixir da Xunta o cumprimento da norma e, como xa ten acontecido, acadar a retirada dos eucaliptos plantados ilegalmente.

Este "Kit de resposta rápida" preséntase como un instrumento útil para salvagardar aquelas masas ameazadas por plantacións de eucaliptos, mediante a denuncia de actuacións ilegais, para o seu uso por persoas e colectivos que queiran facer fronte ás mesmas. Ao tempo, ADEGA seguirá recollendo, trasladando á administración e denunciando aquelas cortas ou plantacións ilegais que ameazan a supervivencia das frondosas autóctonas.

● PARTICIPACIÓN PÚBLICA NA PLANIFICACIÓN FORESTAL

Xabier Bruña, enxeñeiro de montes e investigador do IDEGA (USC) estudou na súa tese doutoramento os actuais procesos de planificación forestal, baseados na planificación vertical, e pon sobre a mesa propostas para a súa modificación e actualización con base a procesos de participación cidadá, é dicir, de usuarios directos e indirec-

tos do territorio forestal, incluíndo aos propietarios dos montes pero tamén á veciñanza, as asociacións e a todas as persoas e colectivos usuarios do territorio.

Esta modalidade de planificación, debe establecerse en tres pasos, como son:

Difusión: esta fase inicial da planificación debe ter por obxectivo o de promover e acadar a participación efectiva do maior número de persoas usuarias.

Debate e discusión: é unha fase esencial para resolver conflitos existentes ou futuros, a través da consecución de consensos sobre o futuro das áreas forestais, escoitando e dando solución a todos os puntos de vista.

Xeración de propostas, de acordo cos indicadores paneuropeos de xestión forestal sustentable.

A investigación incluíu estudos de campo que mostran, a modo de exemplo, como a maioría de usuarios/as na zona dos Ancares-A Fonsagrada manifestan que non queren máis superficie forestal, senón que a que hai sexa diversificada e optimizada. Velai a conexión cunha idea motriz do ecoloxismo galego: non precisamos máis árbores senón mellores árbores, é dicir, bosque autóctono e sustentable, e reserva das terras máis fértiles para a produción de alimentos.

Estas propostas constitúen todo un reto de democratización da administración galega, xa que o que hoxe se agarda dela non é tanto un rol de definidora do modelo, senón o de mediadora entre os colectivos de usuarios, moi diversos, e os retos ambientais e de sustentabilidade.



Roteiro pola fraga de Casas Vellas de Catasós, en perigo polo paso dunha liña eléctrica.

ROTEIROS ADEGA POR BOSQUES AUTOCTÓNOS

Os roteiros de ADEGA-Lugo por todo o país están dedicados este ano 2015 (até xuño) ao coñecemento dos bosques autóctonos de Galiza e á reivindicación da súa posta en valor. As persoas participantes poderán visitar e valorar algunhas das masas forestais autóctonas que, pese ás adversas circunstancias, aínda se preservan en Galiza: soutos, fragas, sobreirais, ameneirais, acivrais, loureirais, etc, e as serias ameazas ás que algunhas delas se enfrontan. Son exemplos disto a fraga de Casas Vellas de Catasós (Lalín), en perigo polo paso dunha liña eléctrica, ou o ameneiral de Sarria, ameazado polo Proxecto de encanamento do río desta localidade. As citas pendentes levarannos ao sobreiral do Arnego en Agolada, ao bosque de inundación de Begonte, ou ao loureiral de Cortegada.

Cunha lonxitude non superior aos 15 quilómetros, a percorrer ao longo dunha xornada de domingo completa, calquera persoa sen exclusión de idade pode participar nos roteiros ADEGA. A saída habitual desde Lugo combínase, segundo o caso, con outras saídas colectivas desde diversos puntos da nosa xeografía.

O BOSQUE GALEGO COMO RECURSO ECONÓMICO

Cousa de Raíces tamén busca por en valor as potencialidades do bosque galego como recurso económico. Actualmente hai moitas empresas e persoas propietarias de monte que viven do bosque autóctono, espazo ao que Radio Cerna ([//adega.gal/radiocerna](http://adega.gal/radiocerna)) ten prestado atención especial. Valla mencionar a creación da Indicación xeográfica Castaña de Galicia, o uso de madeiras de especies arbóreas autóctonas na construción estrutural ou de vivendas, co recente recoñecemento da madeira de castiñeiro polo Código Técnico da Edificación, ou as actividades ligadas ao coidado ou á cría de animais, como poden ser os cabalos (véxase o proxecto educativo "Ceibes no monte"), ou o porco celta.



Unha destas actividades é o proxecto Hifas da Terra, ligado a un modelo de souto multifuncional, e que desde hai 13 anos se dedica fundamentalmente á investigación de fungos e das súas aplicacións na alimentación, na saúde, e na micorrización das plantas. Hifas da Terra é xa realidade e dá emprego a 40 persoas. Outra iniciativa é a da Asociación de Criadores de Porco Celta de Galicia (ASOPORCEL) no monte comunal dos veciños da parroquia de Nebra, no Barbanza, co silvopastoreo de porco celta no monte, conxugando o modelo tradicional de aproveitamento do monte coa cría de animais coas máis modernas tecnoloxías.

Os protagonistas destacan tanto a potencialidade como os iminentes perigos para este piar cultural, natural e económico do país. Pablo Fraga Gontán, de Alibós, sinala que hai moitos soutos que teñen milleiros de anos e que aínda temos aí, mais que se non os coidamos imos quedando sen eles pouco a pouco: se non plantamos porque pensamos que tardan moito en medrar, uns anos, quedaremos sen eles. Emilio Pérez, da Fruga, sinala un aspecto de grande transcendencia: está desaparecendo unha especie autóctona que xa estaba aquí cando os romanos, os labregos e as labregas.

Unha boa nova é a próxima estrea, prevista para abril, do que será o primeiro documental galego sobre os montes veciñais en man común, "En todas as mans", que pon en valor a figura dos montes comunais (o 25% do territorio) e das comuneiras e comuneiros de Galiza. Este proxec-

to audiovisual ten como obxectivo principal trasladar ao público xeral a importancia da existencia en Galiza e Portugal desta figura singular de propiedade, que só se adquire se se vive no rural.

AS FRAGAS COMO ESPAZO PLURIFUNCIONAL

Mais non convén esquecer que as fragas son para nós un espazo antropolóxico, cultural e plurifuncional, como expón o arquitecto Denis Gándara Pumar, ao afirmar que unha carballeira representa moito máis que un conxunto de carballos para a sociedade que fai uso dela. "Cousa de Raíces" pon en comunicación e valor iniciativas compatibles pola súa sustentabilidade ambiental, económica e social. É por estes valores que se xustifican actuacións como a da Universidade da Coruña coa eliminación de 2 ha de eucaliptal e repoboación con numerosas especies autóctonas para recrear o que antigamente foi o Monte da Fraga no campus de A Zapateira, adaptado ás necesidades dun parque periurbano; ou a recente actuación do Concello de Ribadeo que substituirá os eucaliptos ao longo de dous quilómetros da beira da ría entre Vilavella e As Aceas por "vegetación de ribeira, como a que había antigamente", unha actuación moi valorada pola cidadanía, en palabras do alcalde Fernando Suárez Barcia. E por estes valores polo que tamén compre protexer árbores singulares, comezando polo seu estudo e coñecemento, como fai Ricardo Polín coa exposición "Escritos na floresta" sobre árbores senlleiras na cultura chairrega.

Terminamos con esta alusiva cita do libro "As Carballeiras en Galicia, un patrimonio a conservar" de Amparo Casares Gallego, profesora da ETSA de A Coruña: "Nove carballos definen o lugar central do núcleo rural de O Alto, xunto cun castiñeiro, unha sebe de buxo, os desniveis o camiño, o lavadoiro, as construcións e os peches. É unha interesante composición non xeométrica, sen dúbida intencionada. O lugar, ademais de permitir o encontro dos veciños e os xogos dos nenos... Estes lugares han de proporse como alternativa viva urbanística".

<http://adega.gal/>
<https://cousaderaices.wordpress.com/>
<http://adega.gal/web/revistacerna/>
<http://adega.gal/web/radiocerna/>



Souto no inverno logo de seis anos da plantación. Feita por Boibel.com en Aríns, Santiago de Compostela.

As frondosas caducifolias, clave de futuro do monte galego

As frondosas caducifolias poden ser tan rendibles como as outras especies forestais, aplicando principios de sustentabilidade, aproveitamentos multiproducto e novos procesos como a biorrefinaría.

Manuel Míguez
Director de Boibel.com, empresa especializada no castiñeiro híbrido

Unha das cousas que máis chamaría a atención de alguén que se asomase por vez primeira á realidade do sector forestal galego, sería a posición no mesmo das frondosas caducifolias. Carballos, cerquiños, pradairos, freixos, ameneiros, castiñeiros e o resto das especies da rica biodiversidade do monte galego, ocupan 378.000 ha, preto dun terzo do noso monte arborado. Pero se se atende á súa importancia económica, resulta que as 250.000 toneladas de madeira que se cortan cada ano destas especies, cun valor aproximado de 7,5 millóns de euros, supoñen un escaso 3% dos 8 millóns de toneladas de madeira que se corta e transforma cada ano en Galicia, sendo o restante 97% piñeiros e eucaliptos, que producen unhas rendas económicas anuais para os seus propietarios, de 217 millóns de euros. Como é isto posible?, como é que se está a infrautilizar semellante capacidade de xerar riqueza e emprego?

Se fixeramos unha comparativa coa veciña Francia, as especies frondosas estarían xerando alomenos un 20% da madeira cortada, e un 30% do valor das cortas, é dicir, ao redor de 1.600.000 ton, que estarían xerando unhas rendas anuais para os seus propietarios de alomenos 55 millóns de euros, ademais do seu efecto multiplicador na economía galega unha vez que se transformaran en produtos na industria de primeira e segunda transformación, engadindo ata 275 millóns de euros adicionais á economía industrial galega. Teríamos 500 euros/hectárea e ano que engadiría cada propietario forestal á riqueza que se xera que en Galicia, á súa renda, seguindo pautas semellantes ás francesas para os bosques caducifolios.

E logo por que se está a dar esta situación?. Por unha serie de causas complexas, que teñen moito que ver cun círculo vicioso, no que a industria capaz de transformar e dar valor a estas especies non se desenvolve porque non ten materia prima de calidade, e non hai materia prima de calidade porque non hai demanda para ela. Por outra banda falta a mellora xenética das frondosas autóctonas, os coidados silvícolas e os investimentos no monte. E as frondosas seguen a ter unha visión negativa nos propietarios forestais, por-

que pensan que van ter uns longos ciclos produtivos antes da corta e aínda por riba con altas e complexas restricións, que van obter un rendemento económico moito menor que con piñeiros e eucaliptos.

Cómpre pois quebrar este círculo vicioso e transformalo nun círculo virtuoso, porque as posibilidades das frondosas caducifolias están aí. Esperando para xerar riqueza no monte e na economía galega, ademais de conservar a biodiversidade e toda clase de externalidades medioambientais positivas, como a captación do CO₂ atmosférico, a protección do solo e a loita contra a erosión, a regulación do ciclo hidrolóxico, ademais de ser unha eficaz barreira contra os incendios forestais, principal problema medioambiental de Galicia.

Para que as frondosas caducifolias galegas se incorporen a todas estas posibilidades de futuro que xa son presente, temos que apostar pola mellora xenética de carballos, cerdeiras..., e especialmente nos castiñeiros pola súa vertente engadida de froito. Pola re-enxeñería das plantacións que permitan unha rendibilidade nos aproveitamentos, dos tratamentos de mellora, das claras, podas ou tallas de formación. Do desenvolvemento de novas técnicas silvícolas que incorporen plenamente a sustentabilidade no manexo do solo e da biodiversidade, de xeito compatible co rendemento económico.

Todo iso nun marco legal que non permita ter máis de 600.000 hectáreas de terra abandonadas no país, hectáreas sen alternativa, abandonadas ao desleixo, á indolencia, ao lume recorrente, nun marco destinado á creación de riqueza, renovable, endóxena, sustentable, neste caso na súa pata forestal.

Fai falla unha nova visión, e implementación, onde se vexan as frondosas como unha oportunidade certa para acadar producións de madeira de calidade aptas para fabricación de táboas e chapas para carpintería, mobles, e ebanistería. Madeira que se importa masivamente doutros países mentres esmorece no monte galego, sen coidados e tratamentos silvícolas que lle engadan a calidade que precisa.

Pero non só centrarse nestes usos tradicionais da madeira, que con ser valiosos non son nin moito menos os únicos nestes albores do século XXI. Os desenvolvementos tecnolóxicos, a selección vexetal e a mellora xenética, permiten formular sistemas sustentables de produción de madeira de frondosas, en ciclos razoablemente curtos xa moi por baixo dos

vinte anos, en masas novas e sans, e en todo caso aproveitar como materia prima madeiras de pequenos diámetros en producións de alto valor engadido, en vez de iren a queimar; o aproveitamento de menor valor; como se ven facendo ata o presente.

Estase a falar de técnicas como o serrado específico de pezas de frondosa de pequenos diámetros, e de innovadores sistemas de encolado e con novos tipos de colas, para a produción de laminados de madeira de frondosa de alto valor; aptos para o seu uso estrutural ou na fabricación de tableiros laminados, elementos de carpintería e mobles.

As frondosas esperan tamén a súa oportunidade de ter un aproveitamento integral coas técnicas de biorrefinaría do século XXI, a fin de prover materias primas capaces de substituír aos derivados non renovables do petróleo, madeira capaz de transformarse en polímeros de orixe renovable. En biomoléculas precursoras da síntese de medicinas, cosméticos e industriais de alto valor engadido. De extractos naturais, utilizables na elaboración de alimentos bio-saudables, ou no complemento das dietas de alimentación animal.

As nanocelulosas con uso na fabricación de papel e *nanocomposites* e usos cosméticos, médicos e industriais, os electrólitos de baterías eléctricas empregando microláminas de madeira de frondosa, biofiltros e outros desenvolvementos punteiros da tecnoloxía, esperan a produción abundante de madeira de frondosa neste século XXI que aínda está a encetar.

Non esquezamos que a madeira é un polímero natural, producido pola natureza fixando CO₂ atmosférico e utilizando a enerxía do sol, e a diferenza do petróleo co que comparte moitas características e posibilidades de transformación en produtos que precisa a sociedade. Non perdamos de vista que no futuro inmediato os ecosistemas teñen que orientarse á produción integral multiproducto, no que as biomoléculas e as frondosas teñen un claro oco, e unha clara ventá de oportunidades.

Velai o reto, as posibilidades que esperan a que as novas xeracións que están nas escolas, e nas universidades. Que poderán mellorar o medioambiente e o futuro do monte galego co seu coñecemento. Achegando os desenvolvementos científicos e tecnolóxicos que posibilitarán unha mellor xestión dos recursos naturais, un desenvolvemento máis sustentable, e unha sociedade máis xusta e cohesionada.

Elisa Pérez

A Fontiña das laxes

En 1998, após varias tentativas de comprar unha casa vella de pedra para rehabilitar, ofrecéron-nos en Sargadelos un monte, un terreo arborado con eucaliptos e piñeiros maiormente, con unha extensión de 10 ferrados (7500m²), unha inclinación media do 30%, afloracións de masas graníticas, unha boa orientación SO, e cuberto de toxos que atinxian mais do metro e medio.

A primeira fase foi de limpeza da broza e tala dos eucaliptos (en tres anos desaparece- ron os brotes). Tivemos combustíbel durante varios anos.

Quedaron os piñeiros (uns 100 pés) carballos (3) e bidueiros (2). A seguinte fase consistiu en manter a limpeza, recuperar o manantial e fa- zer plantio.

Nos documentos aparecía nomeado como "A fontaña das laxes" e grazas as/aos maiores do lugar soubemos que houbera unha fonte, a súa localización estaba marcada polos bidueiros, e que en tempos da súa memoria fora terreo de cultivo, acabando convertido en eucaliptal.

Fixemos unha repoboación con caducifolias, castiñeiros híbridos micorrizados, amieiros, freixos, carballos, acivros, esvedros, escorna- bois, algunha froiteira, ameixeiras, cerdeiras, e na zona alta, no lado norte, coníferas.

Os temporais como o Klaus e o Xintia, foron arrincando os piñeiros...até o vento se aliou.

Co paso do tempo o terreo foise reverdecendo, á distancia apreciase o contraste desa superficie onde os eucaliptos e os toxos deixaron sitio a unha variedade espontánea que despertou do chao. Os terreos colindantes seguen explotados como eucaliptais, e agora si observamos a dife- renza na cobertura do chao, e como o ciclo das estación vai cambiando esa superficie.

Pasaron os anos e o cambio é muito grande, sendo o mais impresionante a capacidade de re- cuperación das especies, na zona do manantial xurdiu unha masa de bidueiras, salgueiros e car- ballos de xeración espontánea, xunto co souto, son as zonas mais frondosas do terreo.

Cando os castiñeiros están en flor, aos maio- res do lugar traen-lle sensacións prazenteiras lembrando o aroma, que dín há tempo que non lle chegaba...ollan para o monte e din, debe vir do teu.



A Fontiña das laxes, Sargadelos.

Tamén incidimos no arranxo dos camiños, amplian- do-se e mellorando o firme, ao que acederon tod@s as colindantes. Compartimos territorio co teixo, co por- co bravo, cos corzos, co esquio, coa raposa e a curuxa, coas pequenas águas, e estamos agardando polo cu- co e as andoriñas.

Após anos de compromiso ecoloxista, no noso ca- so a través de ADEGA, sentimos a satisfacción de ter

posto na práctica toda a teoría, aprendendo a valorar o que nos rodea e alimenta, unha pequena achega, mais na nosa medida, aquel pedazo de terra, intransitábel, agora é a nosa morada, o lugar onde a vida e posibel e apacibel, temos água, temos horta, casa con criterios de bioconstrución, xeramos a enerxía que consumi- mos, e cada solpor é irrepitíbel...

Sargadelos, marzo de 2015.

CASTRO DE REMONDE. ADEGA recentemente adquiriu un terreo no que se atopa a maior parte do castro, co obxectivo de poñelo en valor, para o que está activa unha campaña de recadación solidaria de fondos (<http://eiradaxoana.com>). Na fotografía, l Xornada de portas abertas no Castro de Remonde.



SÁBADO 28 DE MARZO: II ATURUXO Á TERRA NA EIRA DA XOANA. Na Eira da Xoana podes celebrar todas as entradas nas estacións do ano, o que axuda a recuperar a consciencia do tempo natural, hoxe case ausente da nosa vida cotiá. Co inicio da primavera, o próximo 28 de marzo terá lugar o II aturuxo á terra.



Altos niveis de metais pesados na bacía do Tamega polas verteduras do AVE.

ADEGA-Monterrei denunciou a contaminación dos afluentes do Tamega á altura de Laza. Os elevados valores de As (arsénico) e Pb (chumbo), entre outros, débense aos sedimentos arrastrados desde os desmontes e obras do AVE. Os fondos destes ríos amosan cantidades de As e Pb que multiplican por 750 e 1986 veces os niveis de calidade ambiental.



Exposición de Compostaxe na UDC (marzo e abril 2015).

A Universidade da Coruña acolle a exposición de ADEGA sobre Compostaxe doméstica e comunitaria: 11 paneis con información sobre compostaxe e contidos de tipo práctico para resolver dúbidas, que acompañarán o comezo de sendas experiencias de compostaxe dos residuos de comedor en dous centros universitarios.



Eliminación de flora exótica invasora no río Liñares (14/03/15).

Actividade de voluntariado ambiental de ADEGA e a Asociación para a Defensa do Val do Liñares, enfocada á eliminación da especie invasora *Acacia dealbata* (mimosa).

ADEGA TRABALLA ARREO NA DEFENSA ECOLÓXICA DE GALIZA, COMO PODES OLLAR NESTE BREVE RESUMO DAS ÚLTIMAS SEMANAS. NON FIQUES PARADA: SÚMATE Á DEFENSA ECOLÓXICA DE GALIZA, VISITA A NOSA WEB (ADEGA.GAL) E PARTICIPA NOS GRUPOS ACTIVOS OU FAITE SOCIA/O.



Denuncia contra a Xunta pola súa actuación no tema das baterías tóxicas de Fenosa en Cabo Vilán (17/02/15).

Malia a renuncia (aparente) de Fenosa á súa instalación (dous grandes tanques con substancias tóxicas e corrosivas, o sulfato de vanadio e o ácido sulfúrico), ADEGA presentou unha denuncia diante da Comisión Europea. Como é posíbel eximir de estudo de impacto a este proxecto, en plena Rede Natura 2000 e sobre hábitats para os que as lexislacións europea, estatal e galega fixan o máximo grao de protección?



Roteiro ADEGA pola Serra dos Ancares (15/03/15) para exaltar dous tipos de bosque reliquia da nosa paisaxe, os acivrais e as reboleiras e por en valor as especies e formacións boscosas propias do noso territorio.



Visitas á ETAP-EDAR de Carballo (marzo 2015).
É unha colaboración de ADEGA co Concello de Carballo, dentro do "Proxecto Anllóns-Bardoso: posta en valor dos ríos", co obxectivo de sensibilizar aos escolares sobre os usos da auga. As visitas guiadas por educadores/as ambientais de ADEGA buscan o aforro no consumo de auga.



Ecoauditoría de residuos no CEIP Pedrouzos (Bertamiráns).
Organizada por ADEGA dentro do proxecto "O lixo desde o teu concello" forma parte do programa de educación ambiental da Mancomunidade de concellos da Serra do Barbanza. As alumnas e alumnos de 4º da ESO avalían a xestión do lixo mediante entrevistas, enquisas e observacións sobre o bo uso das papeleiras, o consumo de papel e outros aspectos, co obxectivo de aumentar a taxa de reciclaxe, mellorar a separación na orixe, e ter un centro máis limpo.



Roteiro ADEGA polos ríos Sarria e Celeiro (22/02/15) para exaltar os valores do bosque ribeira, guiados pola Plataforma Sarriana polo río.



Rinlo, Touriñán... exemplo de saqueo ambiental e desbaldimento de cartos públicos.
A recente sentenza do Supremo (24/02/15) sobre Touriñán calca os argumentos que o TSXG, á raíz da denuncia de ADEGA, usou para anular en 2012 a planta de rodaballo de Álvarez-Cascos en Rinlo (Ribadeo). O permiso dado a ambos proxectos pola administración Fraga en 2005, na que Feijóo era vicepresidente, foi nulo de pleno dereito dada a afección ambiental "inaceptábel". A ilegal actuación da Xunta do PP custou ao erario público 1.779.000 € en concepto de indemnizacións ás empresas.



Voluntariado ambiental elimina eucaliptos na Eira da Xoana (07/03/15).
As actuacións tiveron lugar nas fincas que a Fundación Eira ten custodiadas no Alto Ulla, ao carón da Eira da Xoana. O obxectivo foi eliminar os eucaliptos que ameazan con desprazar ao bosque autóctono nun espazo de alto valor natural e patrimonial como é o Castro de Remonde.



Máis plantacións de pirófitas en Rede Natura ameazan especies en perigo de extinción (16/03/15).
No lugar de Caxide e ao longo da estrada de Parada a Luintra estase a realizar unha plantación de piñeiros dentro do ZEC Cañón do Sil (ES1120014) con afectación aos hábitats comunitarios Breixeiras secas europeas (Hábitat CE 4030) e Carballeiras galaico-portuguesas (9230). A plantación tamén afecta a unha área prioritaria de reprodución, alimentación, dispersión e concentración local das especies de aves incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas, incluída a aguia real (*Aquila chrysaetos*) en perigo de extinción.

en imaxes

Virxinia Rodríguez, presidenta de ADEGA

"É posible a defensa do ambiente coa denuncia de atentados, con propostas en positivo, e tamén con traballo lúdico"

ADEGA leva traballando polo ecoloxismo do país durante 40 anos. Que fitos destacarías?

Son moitas as loitas nas que ADEGA se involucrou con maior ou menor éxito, pero que en todos os casos permitiron achegarnos ás problemáticas tanto locais como nacionais. Seguindo a cronoloxía, destacan as loitas contra as verteduras na Fosa Atlántica, as celulosas proxectadas por todo o país, a construción de grandes encoros e minicentrales e a primeira "ILP" ambientalista aprobada, a resposta á marea negra do Prestige (denuncia, estudos, voluntariado...). Xa despois do Prestige destacan as loitas contra as piscifactorías en espazos protexidos (Tourinán e Rinlo como emblemas), a defensa doutro modelo de asentamento na costa, o caso BARREIROS! e as respectivas sentenzas favorables a ADEGA. E desde hai tempo, e hoxe en vixencia máis que nunca, o traballo continuado por modelos alternativos a SOGAMA.

Como vai celebrar ADEGA o seu 40 aniversario?

Pretendemos que sexa unha conmemoración que lle permita a cidadanía coñecer o traballo de ADEGA e os logros acadados neste tempo. Temos sobre a mesa a proposta dun vídeo e dunha exposición en que activistas e simpatizantes de ADEGA xunto con persoas afectadas por políticas agresivas co medio acheguen á poboación galega o noso traballo, a loita do ecoloxismo galego a través do traballo de ADEGA.

Actualmente, cales son as loitas ecoloxistas que máis dedicación precisan?

ADEGA ten marcadas varias liñas estratéxicas que mostran unha continuidade desde hai varios anos: concienciar por unha nova cultura da AUGA, defender os espazos naturais e a Rede Natura, promover un consumo responsable... As campañas centrais xiran arredor da defensa de modelos alternativos no tratamento de residuos, compostaxe caseira e comunitaria, a recolla porta a porta, os modelos residuo cero..., teñen como obxectivo a defensa do bosque autóctono -Cousa de raíces-, ou a participación social, a educación e o voluntariado ambiental. O traballo por un urbanismo sustentable segue tendo vixencia no proxecto Cultura e territorio e Ponte no medio, dando continuidade a loita contra ese outro modelo depredador como o de Barreiros.

Como valora a situación do movemento ecoloxista galego en xeral?

Non é alleo á situación que se está dando nos movementos sociais organizados. As formas de actuar destes movementos está a cambiar; o forte activismo dos anos 80 e 90 xa non existe, e o compromiso social coas problemáticas ambientais é secundario, diante doutras problemáticas que se entenden como prioritarias pola cidadanía. O movemento ecoloxista mostra problemas para anovar as súas filas, o que fai que teñan desaparecido nos últimos anos algúns grupos locais, ou vaian quedando sen actividade. Un compromiso social e ambientalista activo require dun grande altruismo, esforzo e moitas horas investidas. Hoxe por hoxe, non percibo que a cidadanía poida ou

queira involucrase en procesos deste calado.

Cales son as claves de futuro do ecoloxismo en Galiza?

Temos que unir esforzos e crear sinerxías para poder responder aos atentados contra o ambiente. Entender os cambios que se dan na sociedade e adaptarnos a outras formas de actuación, que impliquen un menor grado de compromiso individual para poder sumar máis xente, que si estaría interesada en colaborar de xeito puntual.

Para ADEGA é estratéxica a busca de aliados/as en diferentes ámbitos. O medio ambiente pasou de ser algo ligado só a natureza a ter un perfil difuso que atinxe á economía, consumo, saúde, agricultura..., e en cada un deses ámbitos hai outros sectores "afectados" e outros actores cos que podemos traballar. Así, ADEGA participa na Alianza por un mudo rural vivo, impulsa a campaña Cousas de raíces, ou ven de promover xunto a outras entidades a Rede Galega de Custodia do territorio. Outros traballos en rede son os ligados aos ríos, ás montañas, ás charcas ou ao lixo mariño.

E a educación ambiental, que papel xoga hoxe?

A educación ambiental viuse moi afectada pola crise, tanto a nivel galego como estatal, con múltiples empresas pechadas, e os equipamentos de educación ambiental da Xunta pechados total ou parcialmente. Cómpre indicar que a educación ambiental non se ve como unha ferramenta de cambio, tanto polos vellos partidos como polas novas formas de facer política.

Mais para ADEGA, a educación ambiental, o voluntariado ambiental e a custodia do territorio son ferramentas que empregadas de maneira illada ou en conxunto nos permiten empoderar a sociedade fronte ás diferentes problemáticas ambientais. A idea é transmitir que moitos cambios individuais no conxunto dun proxecto colectivo pode levar a superar ou cando menos contrarrestar as fortes agresións que está a sufrir o medio ambiente galego e global.

Que proxectos de EA ten en marcha ADEGA?

ADEGA está a traballar en diferentes liñas e con distintos sectores sociais, sempre cunha forte incidencia na participación social. O Proxecto Ríos, que ven de cumprir 10 anos é un bo exemplo, pero tamén destacaría o Proxecto Charcas con vida, que pretende poñer en valor os pequenos humidais, ou a Eira da Xoana como proxecto de recuperación dos saberes populares. Outra mostra son os campos de voluntariado para a eliminación de especies exóticas invasoras.

Unha das súas teimas é artellar accións en positivo. Como cales?

ADEGA sempre tivo dúas facianas, a da denuncia e reivindicación e a das propostas e iniciativas. As dúas son complementarias, de pouco serve dicir NON sen



propoñer liñas de actuación. Nós non temos que dar solución a todo, pero si que pensamos que unha das nosas responsabilidades é asumir o reto de ofrecer alternativas. E así o facemos. Denunciamos a incineración e asumimos o reto de fomentar un modelo descentralizado de aproveitamento dos residuos. Ese outro modelo de xestión do lixo é posible porque en Galiza é coñecido grazas a ADEGA. Todo o noso traballo vai nesa liña: Eira da Xoana, Proxecto Ríos, Eliminación de especies exóticas invasoras, Charcas con vida..., son actuacións cotiás que están a transformar a realidade coa colaboración da cidadanía galega. O exemplo máis recente é Cousa de raíces, campaña que busca superar esa ausencia de diálogo entre o sector ambientalista e moitos propietarios de montes, ao sermos conscientes de que a protección e mellora do bosque autóctono trae beneficios para todos e todas.

Que lle dirías á sociedade galega para que se anime a apoiar ADEGA?

Diríalle a todas as persoas que consideran que a defensa do medio ambiente merece a pena, que dean ese pequeno paso e se acheguen a ADEGA ou a outra ONG e dediquen un pouco do seu tempo en axudarnos a acadar unha Galiza máis sustentable e xusta, e un ambiente mellor no seu barrio ou localidade. É posible conseguir isto coa denuncia de atentados, con propostas en positivo, e tamén cun traballo nun ambiente lúdico e de lecer que compartir a cotío.